



**60 PERSOAS INICIAN O CURSO DE MANIPULADOR DE PRODUCTOS
FITOSANITARIOS NO CENTRO ANTENA DE NIGRÁN**

**O Concello organiza outra convocatoria en abril dada a ampla demanda
obtida nesta primeira formación**

**As 90 prazas deste novo curso, obrigatorio para poder comprar
insecticidas, sulfatos e herbicidas, xa están cubertas**

Nigrán, 07/03/2016.- Un total de 60 persoas comezaron hoxe o curso de aplicador de produtos fitosanitarios no Centro Antena de Nigrán para poder obter o carné de manipulador de praguicidas que lles permitirá comprar e utilizar insecticidas, sulfatos e herbicidas. A demanda desta acción formativa foi tan ampla que foi necesario crear dous grupos, un de tarde e outro de mañá, así como organizar un novo curso en abril, tal e como se comprometera o alcalde de Nigrán, Juan González, coas entidades veciñais do municipio.

"O gran número de persoas que solicitaron inscribirse ao curso dá conta do interese que suscita este carné entre os veciños da localidade, de aí que decidíramos repetir a experiencia. Ademais facémolo cunha importante bonificación, cun custe de cincuenta euros, moi por debaixo do prezo que soen ofrecer os centros privados, nos que é preciso pagar entre oitenta e cen euros", apunta o rexedor.

Nesta nova edición, as 90 prazas ofertadas xa están cubertas e distribuiranse en tres turnos, dous de mañá, que se levarán a cabo do 4 ao 12 e do 13 ao 21 do vindeiro mes de 10.00 a 14.00 horas, e un en horario de tarde, do 6 ao 16 de abril, de 16.00 a 20.00 horas.

A formación consta en total de 25 horas presenciais, imprescindibles para poder presentarse ao exame e conseguir o apto de cara á expedición do



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

carné de aplicador de produtos fitosanitarios, unha acreditación obrigatoria dende o pasado mes de novembro.

Os puntos de venda deste tipo de substancias deben consignar a entrega de produto nunha ficha na que se inclúe o número de carné da persoa que o adquire, de xeito que pase a ser este o responsable da súa correcta aplicación. De non cumprir a normativa, os usuarios poden enfrentarse a multas que, nos casos máis leves, poden variar de 300 a 3.000 euros.